

NECESIDADES FORMATIVAS EN IDIOMAS, COMPETENCIAS DIXITAIS, TICS E SEGURIDADE ALIMENTARIA ENTRE AS CONCLUSIÓNS DO I ENCONTRO DE EMPREENDEDORES DO CAMIÑO FRANCÉS

O evento, celebrado hoxe no centro formativo Efa Piñeiral de Arzúa, e organizado pola empresa ElCaminodeSantiagoymás congregou a máis dunha trintena de profesionais do Camiño

Responsables de oficinas do Peregrino, empresarios de establecementos hoteleiros, restauración, de transporte, técnicos en proxectos europeos para o desenvolvemento rural e docentes entre outros perfís profesionais déronse cita hoxe na Efa Piñeiral no I Encontro de Emprendedores do Camiño Francés organizado pola empresa El Camino de Santiago y más.

O evento ten como obxectivo descubrir as necesidades formativas dos empresarios e emprendedores vencellados ó Camiño, a análise dos valores e riquezas do patrimonio cultural inmaterial do Camiño de Santiago así como o intercambio de experiencias e opinións que poidan conducir a acadar un consenso que dé pé á elaboración dun código de boas prácticas deontolóxico.

“Todos somos uns apaixonados co Camiño, esa é a esencia, todas as nosas empresas teñen nome propio, o noso, razón pola que se cabe debemos esixirnos unha maior calidade no noso servizo, e non nos cabe ningún tipo de dúbida de que traballar unidos será a mellor opción para conseguilo; interactuar xuntos danos máis fortaleza”, afirmou a organizadora do evento, Conchita Bernárdez. “Este primeiro encontro é unha importantísima etapa no noso particular camiño hacia a excelencia profesional na dedicación e devoción ó Camiño de Santiago e ós seus Peregrinos”.



Asistentes a este I Encontro de Emprendedores do Camiño Francés

Saúdos, Inma Carbia. 635138592

comunicacion@pineiral.es